



OBSERVATORIO DAS DINÁMICAS TRANSFRONTEIRIZAS DO RÍO MINHO

INFORME XERAL



Acción do Proxecto "Rede de Apoio as dinámicas locais de cooperación no río Miño transfronteirizo" - REDE_LAB_MINHO, co-financiado polo Programa Interreg V-A España Portugal (Actividade 2 – Construción e dinamización de unha rede de cooperación e observación das dinámicas transfronteirizas)

ÍNDICE

Introdución	3
Territorio, poboación e vivenda	6
Sanidade, desenvolvemento social e calidade de vida	10
Innovación e desenvolvemento económico e empresarial	13
Transporte e mobilidade transfronteiriza	16
Emprego e desemprego	19
Infraestruturas e servizos públicos	22
Educación e formación	26
Cidadanía e cultura	29
Medio ambiente e desenvolvemento sustentable	32
Turismo	35
Conclusiones	38

FICHA TÉCNICA

Promotor:	AECT Rio Minho
Edición:	AECT Rio Minho © 2022
Redacción:	Seixas Invest, S.L. (autores: Francisco Xavier Martínez Cobas e Carlos María Fernández-Jardón; Universidade de Vigo).
Colaboran:	Pedro Castro, Joana Nogueira e Sara Simões; Instituto Politécnico de Viana do Castelo.

INTRODUCCIÓN

O AECT Rio Miño abrangue 10 concellos de Portugal e 16 concellos de Galicia. Está situada no tramo final do Rio Miño, na área transfronteiriza entre os dous países.




ILUSTRACIÓN 1: MAPA DO AECT

Comprende unha extensión de 3.312 km² e unha poboación de 376.000 habitantes, sendo a fronteira ibérica máis poboada e a máis transitada, concentrando o 47% do tránsito medio de vehículos entre ambos Estados.

Este informe presenta a evolución nos últimos anos e a situación actual do conxunto do territorio do AECT Río Miño (AECT, a partir de agora), posto tamén en comparación á súa contorna en Galicia e Portugal. O informe é parte do traballo desenvolvido para a creación do Observatorio das Dinámicas Transfronteirizas (ODT) do Río Miño, e está construído sobre a elaboración e análise de 200 indicadores a escala dos concellos que conforman o AECT.

A información recollida, común a ambas a zonas, é moi ampla. Por conseguinte, para facilitar a exposición centraremos o informe nos indicadores máis relevantes de cada un dos apartados do traballo, que permitan coñecer a situación da área e ter unha idea das súas potencialidades e limitacións verbo das áreas que os engloban.

O esquema da exposición baséase nos dez campos de interese definidos polo AECT. En primeiro lugar, preséntase a situación do AECT respecto a Galicia e Portugal en relación ao territorio, poboación e vivenda, é dicir, realizando un percorrido pola potencialidade que ten o territorio e as posibilidades de vivenda que presenta. A continuación, preséntase a situación en sanidade e desenvolvemento social, é dicir, os campos que fan relación á calidade de vida en aspectos sociais do territorio. A seguir preséntase a situación da innovación e do desenvolvemento económico e empresarial, que indica o potencial económico do territorio. En cuarto lugar, se comentan algúns aspectos relativos ao transporte e mobilidade transfronteiriza, dada a importancia que este apartado ten para o territorio. Despois trataranse o emprego e o desemprego, que tamén esta asociado ás condicións sociais do territorio, combinado con a capacidade de xerar riqueza e mantela ben distribuída. En sexto lugar, coméntanse aspectos relativos a infraestruturas e servizos públicos. A seguir trátanse os campos da educación e da formación, que sinalan o capital humano presente ou futuro do territorio. Para completar os epígrafes sociais, dedicaremos un apartado a falar de cidadanía e cultura. Outro aspecto fundamental no desenvolvemento sustentable de un territorio ten que ver con o medio ambiente e o desenvolvemento sustentable, polo que se dedica outro apartado a este campo. Finalmente, dado a capacidade de atracción turística do territorio, dedícase un apartado ao Turismo.

En todos os casos, na presentación deste informe, vaise facer uso de indicadores que traten de avaliar a dinámica de evolución da área do AECT verbo das áreas de

referencia, dado que a súa situación básica en tamaño, poboación, superficie, número de empresas... é suficientemente coñecida a partir da información facilitada polo Instituto Nacional de Estatística (INE) en Portugal e polo Instituto Galego de Estatística (IGE) en Galicia. Céntrase pois o informe na información que representa unha maior novidade para a análise do territorio.

Normalmente, a efectos de estudos anual, vaise facer uso da información do ano 2019, que é a última dispoñible para todos os concellos do AECT. Cando se faga uso doutro ano, indicárase convenientemente.

En cada apartado se expoñen dous aspectos: a evolución dos indicadores no AECT, que permite observar como ten sido a dinámica de comportamento da área, e a comparativa con Galicia e Portugal, que permite determinar a súa posición competitiva.

TERRITORIO, POBOACIÓN E VIVENDA

A poboación do conxunto do AECT durante os últimos anos, presenta un lixeiro descenso, pasando dos 370.123 habitantes de 2015 aos 363.104 de 2020. Este último ano, 2020, representou o primeiro ascenso da poboación no territorio, tal vez vinculado á deslocalización das cidades, provocada pola COVID-19, ou cando menos á decisión de formalizar residencias non formalizadas previamente nos concellos do AECT.

Con independencia dos datos básicos, xa coñecidos por outras fontes oficiais, para caracterizar mellor a situación do AECT, e contrastala verbo das áreas que a conteñen en aspectos relativos á poboación, vaise facer uso de dous indicadores que permiten avaliar a dinámica de evolución do territorio: o índice de dependencia e o índice de renovación.

O índice de dependencia é o resultado de dividir a poboación que non está en idade activa (a situada, por convención estatística, entre menos de 16 anos e máis de 64), e a poboación situada entre os 16 e os 64 anos, idades identificadas, tamén por convención, coma correspondentes á poboación potencialmente activa.

Este primeiro indicador sinala se a poboación activa do AECT ten que soportar un peso moi elevado do resto da poboación, indicando as necesidades de servizos públicos, para atender ás persoas que, pola súa idade, non se encontran en condicións de traballar.




ILUSTRACIÓN 2: ÍNDICE DE DEPENDENCIA NO AECT

A Ilustración 2 sinala a evolución do índice de dependencia no AECT. Obsérvase que hai un crecemento continuado, desde valores próximos ao 56% ata valores superiores ao 57%. Este incremento da dependencia pode ter efectos negativos sobre a economía da rexión, sobre todo se afecta aos sistemas de pensións. Para isto é conveniente analizar o comportamento do número de mozos, aspecto que se estuda con o índice de renovación.

O índice de renovación indica a capacidade que ten o territorio para anovar súa poboación, é dicir, a potencialidade de novas xeracións que permitan renovar a situación do territorio. Defínese como o cociente entre o número de persoas maiores de 64 anos e o número de mozos menores de 16 anos. Por conseguinte, cando ese indicador é maior que 1, implica que son necesarios máis mozos para renovar a poboación. Cando é menor que 1, a poboación renóvase de modo natural.




ILUSTRACIÓN 3: TAXA DE RENOVACIÓN DA POBOACIÓN NO AECT

A Ilustración 3 recolle a evolución da taxa de renovación da poboación no AECT entre os anos 2015 e 2020. Vese claramente que o devandito índice aumenta desde 1,74 a 1,98, con un incremento do 13% neses anos. Todos os valores son maiores de 1 e próximos a 2, o que esta dicindo que case se necesita duplicar a poboación de mozos para anovar a poboación.

A suma de ambos índices amosa un grave problema no AECT para o futuro da poboación do territorio.

A Ilustración 4 recolle a representación gráfica de ambos índices e a situación do AECT respecto a Galicia e Portugal no seu conxunto.

En ambos casos obsérvase unha situación intermedia da área verbo das outras dúas, pero ambas áreas presentan diferenzas que é importante salientar, polo seu posible impacto na propia área do AECT.




ILUSTRACIÓN 4: DINÁMICA DA POBOACIÓN NO ANO 2019

Os índices de dependencia son bastante similares, oscilando entre 0,56 en Portugal e 0,62 en Galicia. Isto implica que en todos os casos a dependencia está por encima do 50%, o que indica que hai menos poboación en idade de traballar. Agora ben, a visión non estaría completa sen saber se esa poboación que non está en idade de traballar é nova ou xubilada. O índice de renovación permite completar esa visión.

Obsérvase que o índice de renovación está entre o 1,65 de Portugal e o 2,03 de Galicia, é dicir, Portugal ten máis capacidade para renovar a súa poboación, posto que ten máis poboación menor de 16 anos que poboación maior de 64. Pola contra, Galicia necesita duplicar o número de mozos para renovar súa poboación, sinalando un grave problema, posto que va a afectar ao sistema de pensións e de atención á xente maior no futuro, sen posibilidade de renovar a poboación para atendelos.

O AECT atópase nunha posición máis similar á galega, polo elevado índice de renovación, pero cun índice de dependencia máis próximo ao de Portugal.

SANIDADE, DESENVOLVEMENTO SOCIAL E CALIDADE DE VIDA

O segundo campo que se vai analizar neste informe ten que ver con a sanidade, o desenvolvemento social e a calidade de vida. Escollemos indicadores que axuden a avaliar estes aspectos e permitan a comparación con outras áreas. En particular optamos por elixir a taxa de atención sanitaria, medida polo número de persoal que traballa en centros de saúde por cada 1.000 habitantes e a taxa de atención social, medida polo número de empresas dedicadas a servizos sociais por cada 1.000 habitantes.

O primeiro é un indicador das dotacións sanitarias do sector público, esencialmente en relación cos habitantes do territorio, para saber se todos teñen similares condicións de atención sanitaria. O segundo fai relación a servizos sociais, e permite comparar a situación específica deses servizos nas áreas analizadas.

Para calcular o primeiro dos indicadores, súmanse todas as persoas que traballan en centros de saúde ou que se dedican a actividades sanitarias, tal como os recollen os Institutos de Estatística de Galicia (IGE) e Portugal (INE), e divídese polo número de habitantes en miles de persoas.




ILUSTRACIÓN 5. TAXA DE ATENCIÓN SANITARIA NO AECT

A Ilustración 5 indica como está evolucionando a taxa de atención sanitaria no AECT entre os anos 2015 e 2019. Obsérvase que houbo un incremento desde o 8,95 do persoal en centros sanitarios por cada 1.000 habitantes, ata case que 10. Isto indica unha mellora nas dotacións do territorio.

Para o segundo dos indicadores, súmanse as empresas que se dedican a centros de asistencia social ou a servizos sociais, e divídense polo número de habitantes en miles de persoas. A Ilustración 6 amosa a evolución da taxa de atención social nos últimos anos no AECT.

Obsérvase que, aínda que hai un pequeno descenso en 2016, en xeral ten ido aumentando desde 0,16 a 0,21, é dicir, que hai un 0,21 de empresas de servizos sociais por cada 1.000 habitantes. Con o incremento da idade media da poboación posiblemente esta taxa non sexa suficiente para cubrir toda a demanda, pero é evidente que hai una mellora nas dotacións no seu conxunto.




ILUSTRACIÓN 6: TAXA DE ATENCIÓN SOCIAL NO AECT

Finalmente, para comparar a situación do AECT con Galicia e Portugal empregamos a Ilustración 7.

Esta ilustración indica como se sitúa o AECT respecto a Galicia e Portugal nos indicadores seleccionados.




ILUSTRACIÓN 7: SITUACIÓN SANITARIA E SOCIAL DO AECT EN 2019

No que toca á taxa de atención sanitaria, obsérvase que hai moitas diferenzas entre as áreas analizadas. Portugal está case nove veces por encima de Galicia, e o AECT sitúase nun punto intermedio, sendo 5 veces superior á media de Galicia. As diferenzas estatísticas son moi relevantes nunha prestación básica, e abren a vía a unha maior análise estatística.

A atención social, pola súa vez, é moi similar en case todas as áreas comparadas, estando o AECT en peor situación relativa do que as áreas de referencia, onde se encontra con só 0,21 empresas por cada mil habitantes.

INNOVACIÓN E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPRESARIAL

O terceiro campo que se analiza neste informe fai relación á innovación e ao desenvolvemento económico e empresarial.

Para avaliar estes aspectos compárase a situación do AECT respecto ás areas que a conteñen. Con este fin vanse empregar dous indicadores, relativos á taxa de empresarialidade e á capacidade de innovación.

O primeiro deses indicadores sinala a capacidade que o territorio ten de xerar empresas. É un indicador da potencialidade do territorio para xerar riqueza, á vez que mide o potencial de creación de empresas e emprego por parte dos axentes sociais do territorio. Ven medido polo número de empresas existentes por cada mil habitantes. Para calculalo, divídese o numero total de empresas do ano entre a poboación en miles de persoas.




ILUSTRACIÓN 8. TAXA DE EMPRESARIALIDADE NO AECT

Pódese apreciar na Ilustración 8 que hai un incremento da taxa de empresarialidade desde 95,6 ata 104,3, é dicir, existen máis de 100 empresas por cada 1.000 habitantes

no territorio. Estes datos indican que hai una mellora da actitude empresarial con potencialidade para o crecemento económico.

Capacidade de innovación entre os anos 2015 a 2019.

A capacidade de innovación trata de medir se o territorio é capaz de innovar ou non, e as potencialidades presentes nese aspecto. Para medilo vaise facer uso do número de empresas dedicadas a actividades de I+D por cada mil habitantes que, en certo xeito, é indicativo dos recursos que o territorio dedica a actividades de I+D.




ILUSTRACIÓN 9: CAPACIDADE DE INNOVACIÓN NO AECT. EMPRESAS DE I+D POR CADA 1.000 HABITANTES.

Na ilustración obsérvase que, agás no ano 2018 ha houbo un crecemento mantido da capacidade de innovación do territorio, indicando unha evolución favorable.

Para realizar a comparación entre o AECT e Galicia e Portugal, representamos conxuntamente os dous indicadores.

A Ilustración 10 sinala a situación de AECT verbo a Galicia e Portugal nos indicadores seleccionados. Obsérvase que a taxa de empresarialidade do AECT está entre as de Galicia e Portugal, sendo a de Portugal superior a todas elas.

Agora ben, en capacidade de innovación, o AECT está por debaixo de ambas áreas. Isto parece lóxico, dada a escaseza de grandes cidades que hai no AECT en relación a outros territorios, lugares onde adoitan concentrarse os centros de I+D e as empresas asociadas. O efecto metropolitano de Vigo nos concellos máis próximos (singularmente O Porriño) e a inclusión de Viana do Castelo, mitigan esta descompensación.




ILUSTRACIÓN 10: POTENCIAL DE EMPRESARIALIDADE E INNOVACIÓN

TRANSPORTE E MOBILIDADE TRANSFRONTEIRIZA

En este apartado analízanse os aspectos relativos ao transporte e á mobilidade do territorio. Para avalialos decidimos facer uso de dous indicadores, asociados á capacidade de mobilidade das persoas e á capacidade de transporte de mercancías.

Para medir a capacidade de mobilidade do territorio, emprégase o número de vehículos novos por cada mil habitantes, que nos indica se o parque móbil se incrementa en relación aos habitantes do territorio. O cálculo deste indicador realízase dividindo o número de vehículos matriculados no concello, dividido polo número de habitantes en miles de persoas.

A Ilustración 11 amosa o índice de mobilidade no AECT durante os anos 2015 a 2019. Na evolución se observa un certo crecemento en termos xerais, pasando de 13,25 vehículos por cada 1.000 habitantes a 19,13. Este incremento sinala unha mellora na mobilidade, se ben é un indicador da mobilidade no transporte privado.




ILUSTRACIÓN 11: ÍNDICE DE MOBILIDADE NO AECT

O segundo indicador trata de avaliar se existe un alto potencial de transporte no territorio. Para medilo emprégase a porcentaxe de empresas dedicadas ao transporte e ao almacenamento no territorio, respecto ao número total de empresas. Isto é indicativo de se existen moitas empresas desa actividade verbo das outras actividades.

A Ilustración 12 recolle o índice de transporte do AECT durante os anos 2015 a 2019. Obsérvase unha continua diminución do índice na área, o que pode indicar que a actividade esta perdendo importancia respecto das outras actividades.




ILUSTRACIÓN 12: ÍNDICE DE TRANSPORTE NO AECT

O AECT presenta algunhas diferenzas nos seus indicadores, en relación a Galicia e Portugal.




ILUSTRACIÓN 13: TRANSPORTE E MOBILIDADE

Para observar esas diferenzas representamos ambos indicadores para as áreas de estudo. A Ilustración 13 recolle esa representación. Apréciase que Galicia se encontra por riba das outras áreas en ambos indicadores, indicando unha maior capacidade de mobilidade e de transporte.

O AECT esta por encima de Portugal no que toca a transporte, se ben con valores moi similares, 2,64% e 2,38% respectivamente. Isto indica una certa capacidade de transporte superior a Portugal, pero inferior a de Galicia.

Respecto ao índice de mobilidade, o AECT sitúase por debaixo de Galicia e Portugal, apuntando a unha inferior capacidade de mobilidade, tal como foi medida. Posiblemente, as causas poden estar en factores demográficos, de renda ou da falta de aglomeracións urbanas.

EMPREGO E DESEMPREGO

Neste apartado a intención é coñecer como é a situación do emprego na área respecto ás áreas de referencia. Empréganse, con este fin, dous indicadores que permiten avaliar a dinámica do emprego no territorio.

O primeiro ven definido como taxa de emprego potencial, é indica se se están a crear moitos empregos verbo da poboación potencialmente activa do territorio. Ven definido polo cociente entre o número de empregos e a poboación potencialmente activa, que é definida como aquela entre 16 e 64 anos de idade. Deste xeito vese se a xeración de emprego mantense consonte as potencialidades de actividade existente.




ILUSTRACIÓN 14. TAXA DE EMPREGO POTENCIAL NO AECT

A Ilustración 14 indica como foi cambiando a taxa de emprego potencial durante os anos 2015 a 2019 no AECT, incrementándose desde 0,32 a 037. Isto apunta a unha melloría no emprego, se ben aínda non chega á metade da poboación potencialmente activa.

O segundo indicador mide a taxa de crecemento do emprego, e sinala se a evolución é positiva ou negativa no seu conxunto.

A Ilustración 15 amosa a evolución do emprego no AECT durante os anos 2015 a 2019. Á vista desta ilustración pódese observar que as taxas de crecemento estiveron situadas ao redor do 3%, salvo o ano 2019, que descendeu ao 1,1%, o que sinala unha ralentización na creación de emprego.

Como en apartados anteriores, para comparar a situación do AECT con Galicia e Portugal facemos una representación conxunta de ambos indicadores.

Os valores destes indicadores se recollen na Ilustración 16. Nela se observa a situación que o AECT presenta verbo das outras áreas.




ILUSTRACIÓN 15: EVOLUCIÓN DO EMPREGO NO AECT

Galicia aparece como a mellor situada, tanto en emprego potencial como en crecemento no ano 2019, aínda que as tres áreas teñen taxas bastante similares, estando entre o 1,14% e o 1,28%. O AECT presenta una taxa de emprego potencial mellor ca de Portugal, aínda que é inferior na taxa de crecemento do emprego.

As taxas potenciais de Portugal e do AECT non chegan ao 50% da poboación potencialmente activa, sinalando que existe máis da metade da poboación con posibilidades de ter emprego que non o tiña nese intre. No caso galego non sucede, estando no seu conxunto por riba do 60% de ocupación respecto aos potenciais traballadores.

A comparativa anterior debe ser relativizada coas taxas de desemprego, menores en Portugal do que en Galicia. O emprego estaría a crecer máis en Galicia, partindo dun desemprego maior do que o portugués. A explicación dunha maior taxa de emprego potencial no caso galego verbo do de Portugal, estaría nunha maior porcentaxe de poboación activa respecto ás mesmas bandas de idade. Isto é, para as taxas de emprego e de desemprego son maiores ao mesmo tempo, porque a ratio de poboación activa é maior en relación á poboación total.




ILUSTRACIÓN 16. EVOLUCIÓN DO EMPREGO

No positivo, cabe observar que as tres taxas de crecemento son maiores de 1, o que indica que se está a crear emprego nos tres territorios, apreciando unha dinámica positiva en canto á evolución futura do emprego.

INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS PÚBLICOS

O conxunto de servizos públicos do territorio ten unha importante compoñente municipal. Por ese motivo, para avaliar a situación dos servizos públicos no ámbito local, empréganse indicadores asociados aos orzamentos dos concellos.

O primeiro refírese aos ingresos per cápita, é dicir, aos ingresos municipais por habitante, que dá idea da contribución que o conxunto de fontes de financiamento do concello ten para aportar servizos públicos aos habitantes do territorio.




ILUSTRACIÓN 17: INGRESOS ORZAMENTARIOS PER CÁPITA NO AECT

A Ilustración 17 sinala a evolución dos ingresos orzamentarios per cápita no AECT durante os anos 2015 a 2019. Obsérvase unha tendencia crecente, agás no ano 2016, no que hai unha certa ralentización. Isto indica unha mellora temporal en canto ao financiamento municipal.

O segundo dos indicadores fai referencia aos gastos per cápita, é dicir, a cantidade de diñeiro que o concello está realmente investindo en mellorar os servizos públicos en favor dos habitantes do territorio.

A evolución dos gastos orzamentarios per cápita no AECT durante os anos 2015 a 2019 ven recollida na Ilustración 18. Nela se observa que os gastos foron crescendo ao longo de todo o período, indicando un esforzo por parte do sector público para atender mellor aos cidadáns.

Como non pode ser doutro xeito, existe unha forte correspondencia entre ingresos e gastos municipais, sendo as diferenzas atribuíbles ao aforro ou desaforro dos concellos, e a cuestión contables puntuais, como a periodificación de determinados gastos ou ingresos.

Neste caso, durante todos os anos da serie temporal se produce un aforro nos concellos, resultado da regulamentación pública en ambos países. Salientamos que para o ano 2019 ambos importes (ingresos e gastos) tenden a equilibrarse por volta dun aumento claro do gasto verbo de anos anteriores.




ILUSTRACIÓN 18: GASTOS ORZAMENTARIOS PER CÁPITA NO AECT

Para comparar a situación do AECT con Galicia e Portugal analizamos conxuntamente ambos os dous indicadores.

A Ilustración 19 amosa a representación conxunta dos ingresos e dos gastos orzamentarios municipais per cápita nas tres áreas analizadas. Os datos son en miles de euros por habitante.

Obsérvase que en Galicia o importe de ingresos e gastos é maior por habitante, seguido da AECT e de Portugal.

O anterior debe ser interpretado con causa nas diferenzas de renda per cápita entre os habitantes das distintas áreas. O ingreso e gasto municipal per cápita é maior onde tamén o é a renda per cápita, neste caso en Galicia. A paridade de poder de compra, en todo caso, relativiza a súa volta esas diferenzas, dado que os prezos son maiores, en termos xerais, non lugares nos que a renda tamén o é.

Os ingresos municipais varían entre 800 e 940 euros por habitante, indicando a cantidade de diñeiro que os concellos están obtendo para financiar os servizos públicos.

De modo semellante, os gastos varían entre 750 e 900 euros por habitante, algo menos do que os ingresos, amosando a cantidade de recursos que os concellos dedican a financiar servizos públicos para os habitantes do seu territorio.




ILUSTRACIÓN 19. INGRESOS E GASTOS ORZAMENTARIOS PER CÁPITA.

.No conxunto, a comparativa sitúa un aforro bruto para o conxunto dos concellos, tanto os portugueses coma os galegos no seu conxunto. Cabe sinalar que ese aforro é inferior para os concellos do AECT, nos que os ingresos superan aos gastos, mais a diferenza é cativa. Isto pode observarse graficamente, apreciando como a posición do AECT na Ilustración 19 é a que se sitúa máis á esquerda e próxima á diagonal entre o eixo de abscisas e o eixo de ordenadas.

EDUCACIÓN E FORMACIÓN

Téñase en conta, como dato de partida, que o número de estudantes do AECT pasou de 49.905 no ano 2015 a 45.903 no ano 2019, indicativo do envellecemento demográfico e da lixeira perda de poboación que acompañou ao territorio nestes anos.

Neste apartado analízanse algúns indicadores para tratar de avaliar a dotación educativa. Con esta intención, selecciónanse dous indicadores: a taxa empresarial de educación e a densidade educativa.

O primeiro trata de medir o potencial de creación de empresas educativas que facilitan a formación dos habitantes do territorio. Mídese polo número de empresas educativas que existen no territorio por cada 1.000 habitantes. Calcúlase dividindo o número de empresas educativas ente o número de habitantes en miles de persoas.




ILUSTRACIÓN 20: TAXA EMPRESARIAL DE EDUCACIÓN NO AECT

Para ver a súa evolución facemos uso da Ilustración 20. Nela se observa que se produciu un crecemento ata o ano 2018, e se estabiliza en 2019. Isto indica una mellora nas dotacións educativas do AECT.

O segundo avalía cantos centros educativos existen no territorio por cada km² de superficie, indicando a dificultade ou facilidade de acceso en promedio, para asistir aos centros, para cada habitante do territorio.

A Ilustración 21 amosa a evolución da densidade educativa no AECT durante os últimos anos. a ilustración amosa que hai un descenso continuado do numero de centros, posiblemente unido á diminución de alumnos no AECT. Neste sentido, a dificultade de acceso aos centros vai aumentando, o que sinala un empeoramento nas dotacións educativas do territorio.




ILUSTRACIÓN 21: DENSIDADE EDUCATIVA NO AECT

Para realizar a comparativa con Galicia e Portugal, represéntanse conxuntamente ambos os dous indicadores para os tres territorios.




ILUSTRACIÓN 22: DOTACIÓNS EDUCATIVAS DO TERRITORIO

A Ilustración 22 sinala a visión dos indicadores nas tres áreas analizadas.

O AECT ten un taxa empresarial de educación de 4,33 empresas por cada 1.000 habitantes, algo inferior ao 5,67 de Portugal, pero superior ao 2,7 de Galicia.

A densidade educativa do AECT é de 0,075 centros por cada km², o que indica que existe certa dificultade de acceso para o rural, máis tendo en conta a gran dispersión da poboación no territorio. Sen embargo, a situación en Galicia é peor, pois non chega a 0,05 centros por km². Portugal ten a mellor dotación, con 0,09 centro por km², pero en todos os casos as dotacións parecen limitadas para o territorio que abranguen.

Dentro do conxunto, Portugal é o mellor dotado en ambos aspectos, e Galicia o peor dotado. O AECT sitúase nunha posición intermedia. É probable que na causa das diferenzas estea a situación demográfica, cun maior envellecemento da poboación no caso galego, fronte ao AECT e a Portugal. A concentración da poboación na costa e nas áreas urbanas é tamén relevante, pero compartida en toda a fachada atlántica. O reducido número de cativos en idade escolar xogaríaa á contra da distribución de centros, e estaría detrás do peche de moitas escolas unitarias no rural.

CIDADANÍA E CULTURA

Este apartado analiza a situación do AECT nos campos relativos á cultura e á cidadanía. Para esta análise empregamos dous indicadores que sinalan aspectos relevantes deste tema.

O primeiro, que se define coma taxa empresarial de cultura, indica o número de empresas en actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais que existen no territorio por cada 1.000 habitantes, é dicir, a iniciativa empresarial de aspectos esencialmente culturais abertos ao público.




ILUSTRACIÓN 23: TAXA EMPRESARIAL DE CULTURA

A Ilustración 23 amosa a evolución durante os últimos anos da devandita taxa para o conxunto do AECT. Nesta ilustración apréciase que, se ben houbo un pequeno descenso no ano 2016, en xeral esta taxa foise incrementando todos os anos ata chegar ao 0,05 actual. É, sen embargo, una cantidade pequena se se ten en conta todo o territorio, pois practicamente significa 5 empresas de museos, bibliotecas, arquivos ou outras actividades culturais por cada 100.000 habitantes.

O segundo indicador é a taxa empresarial de deporte, que sinala o número de empresas en actividades deportivas, recreativas e de entretemento que hai no

territorio por cada 1.000 habitantes. Estas son máis numerosas do que no caso anterior.

A Ilustración 24 recolle a evolución da taxa empresarial de deporte nos anos 2015 a 2019. Se observa que é crecente, agás no ano 2019 que se produce un lixeiro descenso, aínda que practicamente é estable, sendo de 0,96 empresas por cada 1.000 habitantes. Estas dotacións son algo máis comúns do que as de actividades culturais.




ILUSTRACIÓN 24: TAXA EMPRESARIAL DE DEPORTE

Finalmente, para comparar o AECT con as áreas de referencia, facemos uso da Ilustración 25. Nela pódese observar como hai unha relación decrecente entre ambas taxas. Mentres que en Portugal é maior a taxa empresarial en deporte, en Galicia é maior a taxa empresarial de cultura, estando o AECT nun lugar intermedio, aínda que máis próximos os valores a Galicia do que a Portugal.




ILUSTRACIÓN 25: TAXAS DE CULTURA E DEPORTE

MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

Esta sección está dedicada a coñecer a situación do AECT en aspectos relativos ao desenvolvemento sostible e ao medio ambiente. Dada a diversidade de indicadores posibles, optamos por considerar dous que permiten ter unha visión global do tema e que destacan algunhas das particularidades do territorio.

O primeiro indica a porcentaxe de superficie pertencente á Rede Natura no territorio. É un indicador da cantidade de espazo que se dedica a parques naturais e a conservación do medio ambiente, sinalando un claro aspecto da preocupación medioambiental por parte das autoridades do territorio.

A Ilustración 26 recolle a evolución desta porcentaxe ao longo dos últimos anos. A ilustración sinala que a porcentaxe foi estable, situada nun 19,6% salvo o ultimo ano que aumento lixeiramente ao 19,8%.




ILUSTRACIÓN 26: PORCENTAXE DE SUPERFICIE DEDICADA Á REDE NATURA

O segundo dos indicadores fai referencia aos recursos naturais dispoñibles. Para avalialos vaise empregar a taxa de empresarialidade en recursos naturais, que mide o número de empresas dedicadas á extracción de recursos naturais no territorio por cada 100 habitantes.

A Ilustración 27 amosa a evolución desta taxa durante os anos 2015 a 2019. Obsérvase que esta vai diminuindo, o cal é un indicador do posible esgotamento dos recursos naturais ou do abandono de súa explotación.

Tamén é un síntoma do abandono do campo por parte dos empresarios lo que pode constituír unha grave deficiencia do territorio, na que se deben buscar solucións acordadas coa situación específica da zoa.




ILUSTRACIÓN 27. TAXA DE EMPRESARIALIDADE EN RECURSOS NATURAIS

Para comparar a situación do AECT con Galicia e Portugal facemos uso da Ilustración 28, na que se comparan os indicadores para as tres áreas.




ILUSTRACIÓN 28: TAXA DE EMPRESARIAL EN RECURSOS NATURAIS E SUPERFICIE DA REDE NATURA

Nela se aprecia que o AECT atópase nunha situación intermedia no que toca á superficie da Rede Natura, máis próxima á galega, se ben hai unha grande diferenza entre Portugal e o resto das áreas, dado que Portugal dedica máis do 50% de seu territorio á Rede Natura, namentres que Galicia só dedica un 12% e o AECT un 20% aproximadamente.

A taxa de empresarialidade en recursos naturais vai en dirección inversa. A mellor situada, cunha taxa de 16,8 empresas por cada 1.000 habitantes, é o AECT. Síguelle Galicia cunha taxa de 15,2. Finalmente, Portugal presenta a menor taxa de empresarialidade en recursos naturais, cun 12,75.

TURISMO

Este último apartado analiza a situación do turismo no AECT. Con esta finalidade, vanse utilizar tamén dous indicadores: un relativo ao territorio, que indique a capacidade de acceso dos turistas e outro vinculado á oferta de dotacións turísticas.

O primeiro fai relación ao número de establecementos turísticos por cada 1.000 habitantes. Deste xeito trátanse de medir dous aspectos complementarios. Primeiro, se as dotacións de establecementos son suficientes dado o tramo de poboación, posto que se supón que a capacidade de atracción dun territorio é, en parte, proporcional á súa poboación, ao xerar esta relacións. Segundo, se o número de establecementos turísticos é dabondo para absorber a posible demanda de traballadores que poida haber nese sector no territorio.




ILUSTRACIÓN 29: TAXA DE ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS

A Ilustración 29 amosa como evolucionaron os establecementos turísticos nos últimos anos. Obsérvase un claro crecemento, pasando de 0,95 a 1,61, o que sinala unha

mellora na oferta turística e na demanda de postos de traballo na actividade, o que repercute na capacidade de atracción do territorio.

O segundo indicador, que denominaremos densidade turística, sinala o número de prazas en establecementos turísticos por km². Este indicador amosa a facilidade de acceso aos establecementos en conxunto, para un turista que chega ao territorio, e permite corrixir o efecto das diferenzas de tamaño entre os establecementos turísticos do primeiro indicador.

A Ilustración 30 sinala como evoluciona esta densidade nos anos 2017 a 2020.




ILUSTRACIÓN 30: DENSIDADE TURÍSTICA NO AECT

Pódese observar como, en termos xerais, hai una certa subida, se ben o ultimo ano se produce un estancamento, posiblemente polo efecto da COVID-19.

A densidade sitúase en 4 prazas por km², indicando que hai una certa facilidade de acceso ao territorio en seu conxunto.

Para comparar a situación do territorio con Galicia e Portugal facemos uso da Ilustración 31, que amosa a comparativa para o ano 2020 entre as tres áreas. Galicia

é a que mellor dotada aparece. En densidade turística oferta 6,61 prazas por cada km², o que indica una grande facilidade de acceso a prazas turísticas en todo o territorio. Tamén presenta ao redor de cinco establecementos por cada mil habitantes, o que en comparación con os outros territorios é bastante alto.

O AECT presenta una densidade de 4,67, lixeiramente inferior á de Galicia, e unha taxa de establecementos de 1,66, o que é bastante inferior a taxa galega, e máis próxima dos indicadores medios de Portugal.

Portugal presenta unha menor dotación turística, en termos comparativos, pois a súa densidade turística é de 3,74, inferior ás anteriores. A súa taxa de establecementos turísticos é de 0,50 por cada mil habitantes, o que indica unha menor oferta relativa.




ILUSTRACIÓN 31: SITUACIÓN DO TURISMO

CONCLUSIÓNS

A información contida neste informe, recolle información relevante sobre a situación económico social do territorio de estudo, derivada da posta en común de indicadores e da comparativa cos territorios de referencia. Expóñense a seguir as principais conclusións como resultado dos datos analizados.

Primeiro, en relación á poboación, obsérvase que hai un crecemento continuado do índice de dependencia, desde valores próximos ao 56% (2015) ata valores superiores ao 57% (2020), e que o índice de renovación aumenta desde 1,74 (2015) a 1,98 (2020), con un incremento do 13% neses anos. A área mantén unha situación intermedia respecto as zonas nas que se integra (Portugal e Galicia). Pola contra, a suma de ambos índices amosa un grave problema no AECT para o futuro da poboación do territorio, especialmente polo que afecta aos sistemas de pensións.

No que toca á saúde, obsérvase que houbo un incremento do número de persoal traballando no sector sanitario público desde o 8,95 por cada 1.000 habitantes (2015), ata case que 10 (2019). Isto indica unha mellora nas dotacións do territorio. De modo semellante, en xeral o número de empresas de servizos sociais por cada 1.000 habitantes ten ido aumentando desde 0,16 (2015) a 0,21 (2019). Hai una mellora nas dotacións no seu conxunto. A atención social, pola súa vez, é moi similar en case todas as áreas comparadas, estando o AECT en peor situación relativa do que as áreas de referencia, xa que se atopa con só 0,21 empresas por cada mil habitantes.

En relación ao emprendemento e á innovación, hai un incremento da taxa de empresariedade, medida polo número de empresas por cada 1.000 habitantes, desde 95,6 (2015) ata 104,3 (2019). De modo semellante, houbo un crecemento mantido da capacidade de innovación do territorio, indicando unha evolución favorable. Estes datos indican que hai una mellora da actitude empresarial con potencialidade para o crecemento económico. Comparada coas áreas que a conteñen, o AECT presenta unha situación intermedia na empresariedade e inferior na capacidade de innovación, posiblemente pola ausencia de grandes cidades.

Verbo do transporte e da mobilidade, na evolución do número de vehículos novos por cada 1.000 habitantes, que sinala a capacidade de mobilidade do territorio, obsérvase un crecemento en termos xerais, pasando de 13,25 (2015) a 19,13 (2019). Pola conta, obsérvase unha continua diminución do porcentaxe de empresas dedicadas ao transporte na área, o que pode indicar que a actividade esta perdendo importancia respecto das outras actividades. O AECT sitúase entre Galicia e Portugal no que toca a transporte, mentres que respecto ao índice de mobilidade, o AECT sitúase por debaixo de Galicia e Portugal.

Entre os indicadores de emprego, no trabalo defínese a taxa de emprego potencial como o cociente entre o número de empregos e a poboación potencialmente activa. Durante os anos 2015 a 2019 no AECT, dita taxa incrementouse desde 0,32 a 0,37. Isto apunta a unha melloría clara no emprego, se ben aínda non chega á metade da poboación potencialmente activa. As taxas de crecemento do emprego estiveron situadas ao redor do 3%, salvo o ano 2019, que descendeu ao 1,1%, o que indica unha ralentización na creación de emprego. Comparando cos territorios nos que se integra, o AECT presenta una taxa de emprego potencial mellor ca de Portugal e peor que Galicia, sendo inferior na taxa de crecemento do emprego nos dous casos.

En relación ás contas públicas, dos concellos do AECT, a evolución dos ingresos orzamentarios per cápita no AECT durante os anos 2015 a 2019 ten unha tendencia crecente, suxerindo unha mellora temporal en canto ao financiamento municipal. De modo semellante, os ingresos orzamentarios per cápita no AECT tamén mostraron unha tendencia crecente. Os datos mostran que en Galicia o importe de ingresos e gastos é maior por habitante, seguido do AECT e de Portugal.

Verbo das dotacións educativas, no AECT sitúase nunha posición intermedia entre Galicia e Portugal. O número de empresas no ámbito da educación que existen no territorio por cada 1.000 habitantes incrementouse ata o ano 2018, e se estabilizou en 2019. Pola contra, a densidade educativa no AECT, medida polo número de centros escolares por km², presenta un descenso continuado durante os últimos anos, posiblemente unido á diminución de estudantes no AECT.

En relación á cultura e ao deporte, o número de empresas culturais por cada 1.000 habitantes, en xeral, foise incrementando todos os anos ata chegar ao 0,05 actual. É, malia o anterior, una cantidade cativa se se ten en conta todo o territorio, pois

practicamente significa 5 empresas de museos, bibliotecas, arquivos ou outras actividades culturais por cada 100.000 habitantes. Paralelamente, a taxa empresarial de deporte, medida polo numero de empresas de deporte por cada 1.000 habitantes foi crecente, agás no ano 2019 que se produce un lixeiro descenso, aínda que practicamente é estable, sendo de 0,96 empresas por cada 1.000 habitantes. Comparada cos territorios de referencia, o AECT ocupa unha posición intermedia, sendo menor que Portugal na taxa empresarial en deporte, e menor que Galicia na taxa empresarial de cultura.

Dos indicadores de medio ambiente, salientamos a porcentaxe de Rede Natura existente, así como o número de empresas dedicadas á extracción de recursos naturais no territorio por cada 100 habitantes. A porcentaxe de Rede Natura foi estable, situada nun 19,6%, agás no último ano que aumentou lixeiramente ao 19,8%. A taxa de empresarialidade na extracción de recursos naturais durante os anos 2015 a 2019 foi diminuindo, o cal é un indicador do posible esgotamento dos recursos naturais ou do abandono de súa explotación. O AECT atópase nunha situación intermedia no ámbolos dous casos, se ben a situación de Galicia e Portugal é diferente en cada caso.

Por último, en relación ao turismo, salientamos a súa importancia crecente no AECT. O número de establecementos turísticos por cada 100 habitante pasou de 0,95 (2017) a 1,61 (2020), o que indica unha mellora na oferta turística e na demanda de postos de traballo na actividade, e repercute na capacidade de atracción do territorio. O número de prazas en establecementos turísticos por km² ten unha certa subida, se ben o ultimo ano (2020) produciuse un estancamento, posiblemente polo efecto da COVID-19. Comparada cos territorios de referencia, está ten menor oferta que Galicia e maior oferta que Portugal.

As conclusións, ademais de ofrecen información inédita do territorio do AECT, abren novos campos de investigación nas semellanzas e diferenzas dos indicadores, así coma nas decisións estratéxicas que se poden tomar a partir da nova información dispoñible.

